

CONSTANTINO COBAS COTELO, Secretario-Interventor do concello de Dumbría (A Coruña).

C E R T I F I C O: Que na sesión ordinaria do Pleno Municipal, realizada o día 18 de xuño de 2015 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

13º.- MOCION DA ALCALDIA RELATIVA A DEDICACION EXCLUSIVA DESTA.-

Neste momento e sendo as nove horas cinco minutos abandona o salón de sesións o Sr. Alcalde, pasando a presidir a sesión a primeira teniente de alcalde Dna. María Carmen Agulleiro Fernández.

Por Secretaría dase lectura íntegra á moción da Alcaldía sobre o contido do epígrafe, que copiada literalmente dí: "JOSE MANUEL PEQUEÑO CASTRO, Alcalde do concello de Dumbría, ó Pleno Municipal: Esta Alcaldía considera necesario a dedicación completa do seu titular á mesma, desenvolvendo as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva de conformidade co disposto no art. 75 da Lei 7/85, de 2 de abril na sua redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril, así como o art. 75-bis intruducido por Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local determinando que as retribucións de conformidade coa disposición adicional nonaxésima da Lei 22/2013 de 27 de decembro de orzamentos do Estado para 2014 introducida polo RDL 1/2014 de 24 de xaneiro serán de 40.000,00 euros anuais en 14 pagas e coa finalidade de non menoscabar a formación e promoción profesional recoñecendolle a compatibilidade para o exercicio da sua actividade liberal e profesional privada fora do término municipal. E todo canto proponho, non obstante o Pleno Municipal decidirá.- Dumbría, 15 de xuño de 2015.-O ALCALDE,-asdo: José Manuel Pequeño Castro." Sometida a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos 9 concelleiros/as asistentes, acorda aprobar íntegramente a moción anteriormente transcrita.

E para que conste e surta efectos legais, expido, asino e selo a presente, de orde e co visto e prace do señor Alcalde, en Dumbría a nove de febreiro e dous mil dezaseis.-

Visto e Prace
O ALCALDE,